

# AMELIA QUERE UN CAN

Texto de TIM BOWLEY

Ilustracións de ANDRÉ NEVES

Tradución de ISA PITA e SILVIA PÉREZ

Encadernado en cartonné. 22 x 22 cm. 36 páx. 14 €.

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)

[Amelia quere un can](#) (galego)

ISBN 978-84-8464-649-5. Demademora.

[Amelia quere un perro](#) (castelán)

ISBN 978-84-96388-29-1. Obras de autor. Primeros lectores.

[L'Amèl·la vol un gos](#) (catalán)

ISBN 978-84-16804-67-2. Obres d'autor. Primers lectors.

[Ameliak txakur bat nahi du](#) (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-565-6. Autore liburuak. Lehen irakurleak.

[Amélia quer um cão](#) (portugués)

ISBN 978-972-8781-99-6. Obras de autor. Primeiros leitores.

[Amelia vuole un cane](#) (italiano)

ISBN 978-88-95933-15-3. Gli albi d'autore. Primi lettori.

[Amelia wants a dog](#) (inglés)

ISBN 978-84-8464-680-8. Books for dreaming.

*Amelia entrou no salón. O seu pai estaba sentado na súa cadeira favorita lendo o xornal.*

*"Papá", dixo ela. "Estaba pensando..."*

*O seu pai suspirou.*

*«Cando Amelia pensa, seguro que hai problemas».*

*Amelia continuou: "Papá, non poderíamos ter un can?"*


Ás veces é preciso dar un rodeo para conseguir unha meta; non sempre o camiño máis curto entre dous puntos é a liña recta. É a estratexia de Amelia cando se lle ocorre adoptar un can. Dende unha águia a unha balea, pasando por un cabalo ou un elefante, os intentos de Amelia por convencer o seu pai son cada vez máis disparatados.

Ademais dunha divertida historia sobre o pillabáns que poden ser os cativos e evidenciar a pouca atención que os adultos lles prestan ante asuntos aparentemente banais, o relato destaca pola súa estrutura acumulativa e os elementos repetitivos. Recorrendo a estes esquemas propios da literatura oral, conséguese captar a atención dos lectores.

Unha obra de moito colorido e cunha proposta estética a base de técnica mixta e collage, para achegar os nenos ao concepto de responsabilidade propia das obrigas que supón coidar dunha mascota, orientando sobre que animais son susceptibles de ser domésticos e cales, polo seu carácter salvaxe, deben vivir en liberdade.

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com



■ **Temática:** a estratexia dos nenos para conseguir o que desexan.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** a responsabilidade que conleva ter unha mascota; do autor de "[Xaime e as landras](#)", "[O Rei Oso Branco](#)" e "[Non hai escapatoria](#)"; do ilustrador de "[Orelas de bolboreta](#)" (Kalandraka).

■ **Avance do libro:**

[https://issuu.com/kalandraka.com/docs/amelia-quere-un-can-g\\_9f2ac6568cd3d1](https://issuu.com/kalandraka.com/docs/amelia-quere-un-can-g_9f2ac6568cd3d1)

## Tim Bowley

(Londres, 1945 - 2017)

Narrador e especialista en contos tradicionais de todo o mundo, percorreu numerosos países coas súas actuacións ao longo de 25 anos de traxectoria, ademais de impartir cursos de contacontos. Colaborou nunha antoloxía narrativa publicada no Reino Unido e foi autor da obra bilingüe inglés-español "Semillas al viento" traducida por Casilda Regueiro, con quen formou tándem artístico durante unha década. Posteriormente traballou coa narradora Charo Pita. Na súa bibliografía para público infantil destacan "Xaime e as landras", "Amelia quere un can" e os libros de relatos "O Rei Oso Branco" e "Non hai escapatoria" (KALANDRAKA).

## André Neves

(Recife, Brasil, 1973)

Graduado en Comunicación Social e Relacións Públicas na Universidade de Pernambuco. En 1995 comezou os estudos de arte; a partir de entón participou en exposicións de debuxo e pintura. Formouse na Escola de Verán de Sarnede (Italia). Entre outros galardóns, foi premiado pola Fundación Nacional de Libros Infantís e Xuvenís e pola Asociación de Escritores Brasileiros. En 2002 participou na XX Mostra Internacional de Ilustración Infantil Stepan Zavrel. Traballa como escritor, ilustrador e deseñador gráfico en Porto Alegre.

<https://www.facebook.com/AndreNevesIlustrador>



-Amelia, meu bebi, non podemos ter un cabalo.  
Os cabalos viven no campo e precisan moita herba para comer.  
A un cabalo non lle gustaría nada vivir aquí.  
-Oh! -dixo Amelia, e marchou para o seu cuarto con cara de pena.